

**22439** LEI 55/2007, do 28 de decembro, do cinema. («BOE» 312, do 29-12-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### PREÁMBULO

A actividade cinematográfica e audiovisual conforma un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa economía. Como manifestación artística e expresión creativa, é un elemento básico da entidade cultural dun país. A súa contribución ao avance tecnolóxico, ao desenvolvemento económico e á creación de emprego, xunto coa súa contribución ao mantemento da diversidade cultural, son elementos suficientes para que o Estado estableza as medidas necesarias para o seu fomento e promoción, e determine os sistemas máis convenientes para a conservación do patrimonio cinematográfico e a súa difusión dentro e fóra das nosas fronteiras. Todo isto considerando que a cultura audiovisual, da que sen dúbida o cinema constitúe unha parte fundamental, está presente en todos os ámbitos da sociedade actual.

Por iso, considérase necesario adoptar un marco normativo axeitado baseado en catro principios fundamentais: a definición e o apoio aos sectores independentes que existen na nosa cinematografía, tanto no ámbito da produción como nos de distribución e exhibición; a creación de mecanismos que eviten os desequilibrios que actualmente existen no mercado audiovisual; a adaptación das novas tecnoloxías e formatos que se foron introducindo neste campo, con especial atención a canto supoñen os inminentes procesos de dixitalización; o apoio á creación e aos autores como fonte de orixe da relación que as obras teñen que manter cos seus destinatarios naturais, os cidadáns.

Debe terse moi presente, xunto á súa dimensión cultural, o carácter industrial da actividade cinematográfica e audiovisual e do conxunto da acción dos seus axentes de produción, distribución e exhibición, co fin de que a política de protección e fomento poida ser considerada dentro do marco xurídico e dos mecanismos e ferramentas que posibilitan a mellora da competitividade das nosas empresas, incluídas as axudas e incentivos fiscais ou a inserción nas políticas específicas de investigación e desenvolvemento.

Por tanto, co obxectivo de mellorar o tecido industrial das empresas que operan no sector, posibilitando o seu fortalecemento e facilitando o desenvolvemento da súa actividade nun mercado aberto e competitivo, establécense na lei novas medidas de fomento e de protección e refórzanse as existentes. Esas medidas teñen como finalidade consolidar e robustecer a estrutura empresarial, o financiamento e amortización dos custos dos investimentos necesarios para o afianzamento dun nivel continuado de produción de obras de contidos diversos e cunha calidade suficiente para garantir a súa rendibilidade e as súas posibilidades de acceso ao público.

A lei introduce o concepto de integración da cinematografía no conxunto do audiovisual, considerando este como un todo, coas súas especificidades, para beneficio do cinema e a televisión, concibindo a produción cinematográfica e audiovisual como contido básico da televisión e esta como elemento importante de difusión, promoción e financiamento da cinematografía.

Tamén é obxectivo desta lei articular a relación entre os diferentes suxeitos que operan no sector, desde os creadores, produtores, persoal técnico e artístico ata as

industrias técnicas, distribuidores, exhibidores e empresas videográficas. Co fin de lograr tal obxectivo, revélase esencial o papel dos poderes públicos para promover unha xestión adecuada ás novas necesidades que a sociedade, en xeral, e o sector audiovisual, en particular, van demandando. Para iso, e sen prexuízo do papel que desempeñen as comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos de competencia, a Administración xeral do Estado asume este obxectivo, o que se materializa no proceso de transformación do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais en axencia estatal para lograr unha maior eficacia e axilidade na xestión, e na estabilización do Fondo de Protección á Cinematografía e ao Audiovisual, para que ofrezga seguranza financeira aos profesionais, con especial atención aos sectores independentes. Outro dos obxectivos da lei é o reforzo da tutela para manter a libre competencia nas relacións empresariais ante condutas susceptibles de restrinxir a competencia, incluíndo entre estas, no ámbito das prácticas comerciais entre distribución e exhibición, a existencia de contratación de películas por lotes, de maneira que para lograr a exhibición dunha delas teña que aceptarse a contratación doutras películas. Así mesmo, e co fin de afianzar este acceso á diversidade da produción cultural, regúlase tamén a cota de pantalla do cinema comunitario para asegurar a súa presenza nas salas de exhibición.

A necesidade de esclarecer diversos conceptos non previstos en normativas legais anteriores deu lugar á elaboración dunha ampla gama de definicións para delimitar termos utilizados na actividade cinematográfica e audiovisual, ofrecerlles aos sectores que a integran a estabilidade necesaria nas súas relacións coas administracións públicas, conformar un sistema de axudas acordes coas necesidades reais das empresas e definir os requisitos que debe cumprir unha obra cinematográfica ou audiovisual para obter a nacionalidade española e, por tanto, as súas posibilidades de acceso ás axudas públicas.

Así mesmo, a dispersión de normas legais con excesiva antigüidade fixo recoller nun único texto os diferentes aspectos que afectan as actividades do sector audiovisual, derogando aqueles que resultaban innecesarios ou inoperantes.

O desenvolvemento das novas tecnoloxías e a revolución dixital, así como as innovacións no campo do I+D+i, tamén están recollidos no texto da lei como elementos de incidencia potencial no ámbito da creación audiovisual, no crecemento económico do país e no incremento de postos de traballo.

A decidida intervención contra as condutas e actividades que vulneran os dereitos de propiedade intelectual considérase tamén nesta lei, xa que a reprodución, representación ou difusión de películas cinematográficas e outras obras audiovisuais non autorizadas polos seus titulares, ademais de ser unha violación flagrante dos seus dereitos, supoñen un grave prexuízo para todos os sectores implicados, o que fai necesario que, tamén desde esta norma, se colabore na erradicación de tales condutas.

Esta lei baséase nos artigos 14, 16 e 20 da Constitución española e susténtase nos principios de liberdade de expresión e pluralismo, na promoción da diversidade cultural e lingüística do noso país, no apoio ás versións orixinais das obras como protección básica dos seus autores, na difusión do cinema europeo, de cuxo ámbito España é membro activo, e do cinema iberoamericano, como referente natural da nosa cinematografía e da industria audiovisual, na protección dos menores, na atención á diversidade humana, a accesibilidade e a non-discriminación por razón de discapacidade, así como no respecto á igualdade de xénero. Así mesmo, inspírase no artigo 44.1 da Constitución, que dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á cal todos teñen dereito.

As medidas de fomento recollidas nesta lei desenvólvense plenamente nun ámbito cultural, con absoluta adecuación aos obxectivos e principios reitores da Convención sobre a protección e promoción da diversidade das expresións culturais, adoptada na Conferencia Xeral da UNESCO celebrada en París o 20 de outubro de 2005, que foi ratificada por España, de acordo co instrumento de ratificación publicado no «Boletín Oficial del Estado» do 12 de febreiro de 2007, así como con pleno respecto a outros acordos de carácter internacional na materia, como a Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos.

A consideración que nesta lei se realiza da acción autonómica atende á realidade socioeconómica en que se desenvolve a industria cinematográfica e audiovisual desde o punto de vista das competencias das comunidades autónomas, atendendo á dimensión pluricultural e plurilingüe do Estado á hora de materializar a intervención dos poderes públicos na preservación e estímulo dos valores culturais propios do corpo social.

A lei consta de 40 artigos, doce disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha derogatoria e cinco derradeiras. O articulado do texto dispónse en catro capítulos, subdivididos, pola súa vez, algúns deles, en seccións.

O capítulo I é o dedicado ás disposicións xerais tales como obxecto, ámbito de aplicación e definicións.

O capítulo II, Ordenación da cinematografía e do audiovisual, comeza cunha regulación de materias comúns a todos os sectores, como as relativas á nacionalidade das obras cinematográficas e audiovisuais e o Rexistro Administrativo de Empresas; continúa cunha sección específica dedicada á defensa da competencia, para acabar regulando por seccións diferenciadas os aspectos concretos de ordenación de cada un dos sectores audiovisuais. Cómpre salientar, en relación coas normas xerais relativas á exhibición, o establecemento de medidas concretas contra a pirataría audiovisual, consistentes no establecemento dunha prohibición expresa da gravación das obras, na comunicación aos seus titulares e en actuacións tendentes ao seu cumprimento polo público. Estas medidas concretas enmárcanse dentro do obxectivo xeral que asume o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais de fomentar a loita contra estas prácticas e a colaboración cos órganos competentes para a protección e defensa da propiedade intelectual.

O capítulo III recolle as diferentes medidas de fomento e incentivos, así mesmo desagregadas por seccións, entre os obxectos das cales se atopan as axudas para a creación e desenvolvemento, para a produción, distribución, conservación e promoción, así como outras axudas e incentivos relacionados co acceso ao crédito, o emprego de novas tecnoloxías e a promoción no exterior. Tendo en conta o carácter das medidas que se prevén, resulta imprescindible establecer un sistema estatal de axudas que, partindo da desigual implantación no territorio dos axentes protagonistas das distintas vertentes da industria cinematográfica, cumpra a finalidade de asegurar a súa plena efectividade dentro da ordenación básica do sector, e garantir as mesmas posibilidades de acceso, obtención e desfrute das axudas para todos os potenciais beneficiarios, con independencia da súa procedencia xeográfica. De acordo coa xurisprudencia consolidada do Tribunal Constitucional en materia de subvencións, estes motivos fan indispensable manter un fondo de axudas que se xestionará de forma centralizada. En consecuencia, as previsións contidas no capítulo III desta lei, e o seu ulterior desenvolvemento regulamentario, constitúen un corpus normativo circunscrito á regulación do sistema estatal de axudas, sen que isto obste para establecer diferentes medidas de fomento por parte das comunidades autónomas, rexidas pola súa propia normativa. Así mesmo, considéranse medidas de fomento para as salas de exhibi-

ción, dado o seu carácter de vehículo de acceso á cultura, en colaboración coas comunidades autónomas.

Finalmente, tamén é obxecto deste capítulo III o recoñecemento das especialidades previstas na propia lei para os incentivos fiscais aplicables ao sector da cinematografía, de acordo coa normativa tributaria. Ademais, para un mellor aproveitamento dos incentivos fiscais, fomentárase a constitución e utilización de figuras xurídicas xa existentes, co obxecto de que o sector cinematográfico poida beneficiarse do tratamento fiscal que estas comportan. Tamén se recoñece que a plena efectividade destas figuras exige un reforzamento da seguranza xurídica na aplicación dos incentivos fiscais; por iso, redúcese á metade o prazo de contestación ás consultas tributarias vinculantes que o sector cinematográfico presente ante a Administración tributaria. Neste contexto, dótanse de estabilidade os incentivos fiscais ata o 31 de decembro de 2011 e, coa finalidade de avaliar debidamente a súa eficacia, adquirese o compromiso de presentaren conxuntamente o Ministerio de Economía e Facenda e o Ministerio de Cultura un estudo sobre estes e unha proposta de adecuación á realidade económica e á normativa comunitaria.

O capítulo IV regula o réxime de sancións, onde se tipifican, con maior precisión que en anteriores ocasións, determinadas infraccións e sancións, facéndoa máis acordos e eficaces respecto ás finalidades que se perseguen.

En canto á parte final, cabe destacar o contido da disposición adicional primeira, relativa á transformación do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais en axencia estatal, e a previsión da disposición adicional segunda, relativa aos órganos colexiados con participación en determinadas áreas, incluíndo, por último, a posibilidade de os espectadores expresaren as súas opinións como medio de obtención de información útil para posibles actuacións que deban realizarse desde o instituto.

Tamén é destacable a modificación que efectúa a disposición derradeira primeira na Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles, cuxo obxecto é a creación dunha sección adicional destinada a inscribir as obras e gravacións audiovisuais.

Esta lei, para a elaboración da cal foron consultados os sectores afectados e as comunidades autónomas, dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.2 da Constitución, que dispón que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial. Non obstante, ampáranse nos seguintes títulos competenciais: os artigos 7, 10 a 18, 22 e 23, 24 a 27, 28, 31, 32, 33, 34 e 38 a 40, así como a disposición adicional décimo primeira, dítanse ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución; os artigos 8 e 9 dítanse en aplicación do artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución; o artigo 35 dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.15.<sup>a</sup> da Constitución; a disposición adicional sétima dítase en aplicación do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución; as disposicións adicionais oitava e novena dítanse ao abeiro do artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución; a disposición derradeira primeira dítase en aplicación do artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución, e o artigo 21 e as disposicións adicional cuarta e derradeira segunda dítanse ao abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup>

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto a ordenación dos diversos aspectos substantivos da actividade cinematográfica e audiovisual desenvolvida en España; a promoción e

fomento da produción, distribución e exhibición de obras cinematográficas e audiovisuais e o establecemento tanto de condicións que favorezan a súa creación e difusión como de medidas para a conservación do patrimonio cinematográfico e audiovisual, todo isto nun contexto de defensa e promoción da identidade e da diversidade culturais.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O disposto nesta lei é de aplicación ás persoas físicas residentes en España e ás empresas españolas e ás nacionais doutros Estados membros da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo establecidas en España de conformidade co ordenamento xurídico, que desenvolvan actividades de creación, produción, distribución e exhibición cinematográfica e audiovisual, así como industrias técnicas conexas.

#### Artigo 3. *Órgano competente da Administración xeral do Estado.*

No ámbito da Administración xeral do Estado e sen prexuízo das funcións doutros departamentos ministeriais, correspóndelle ao Ministerio de Cultura, por medio do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, o exercicio das funcións estatais que nesta lei se determinan.

#### Artigo 4. *Definicións.*

Para os efectos do disposto nesta lei, entenderase por:

a) Película cinematográfica: toda obra audiovisual, fixada en calquera medio ou soporte, na elaboración da cal quede definido o labor de creación, produción, montaxe e posprodución, e que estea destinada, en primeiro termo, á súa explotación comercial en salas de cine. Quedan excluídas desta definición as meras reproducións de acontecementos ou representacións de calquera índole.

b) Outras obras audiovisuais: aquelas que, cumprindo os requisitos da alínea a), non estean destinadas a ser exhibidas en salas cinematográficas, senón que chegan ao público a través doutros medios de comunicación.

c) Longametraxe: a película cinematográfica que teña unha duración de sesenta minutos ou superior, así como a que, cunha duración superior a corenta e cinco minutos, sexa producida en soporte de formato 70 mm, cun mínimo de 8 perforacións por imaxe.

d) Curtametraxe: a película cinematográfica que teña unha duración inferior a sesenta minutos, agás as de formato de 70 mm a que se alude na alínea anterior.

e) Película para televisión: a obra audiovisual unitaria de ficción, con características creativas similares ás das películas cinematográficas, cuxa duración sexa superior a 60 minutos, teña desenlace final e coa singularidade de que a súa explotación comercial estea destinada á súa emisión ou radiodifusión por operadores de televisión e non inclúa, en primeiro termo, a exhibición en salas de cine.

f) Película española: a que obtivese certificado de nacionalidade española, expedido conforme o que dispón o artigo 12.

g) Serie de televisión: a obra audiovisual formada por un conxunto de episodios de ficción, animación ou documental, con ou sen título xenérico común, destinada a ser emitida ou radiodifundida por operadores de televisión de forma sucesiva e continuada, podendo cada episodio corresponder a unha unidade narrativa ou ter continuación no episodio seguinte.

h) Piloto de serie de animación: a obra audiovisual de animación que marca as características e o estilo que deberá ter unha serie e lle permite ao produtor o seu financiamento e promoción.

i) Novo realizador: aquel que non dirixiu ou codirixiu máis de dúas longametraxes cualificadas para a súa explotación comercial en salas de exhibición cinematográfica.

j) Persoal creativo: considerarase persoal creativo dunha película ou obra audiovisual:

– Os autores, que para os efectos do artigo 5 desta lei son o director, o guionista, o director de fotografía e o compositor da música.

– Os actores e outros artistas que participen na obra.

– O persoal creativo de carácter técnico: o montador xefe, o director artístico, o xefe de son, o figurinista e o xefe de caracterización.

k) Operador de televisión: a persoa física ou xurídica que asuma a responsabilidade editorial da programación televisiva e que a transmita ou a faga transmitir por un terceiro, conforme o previsto no artigo 3 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva.

l) Sala de exhibición cinematográfica: local ou recinto de exhibición cinematográfica aberto ao público mediante prezo ou contraprestación fixado polo dereito de asistencia á proxección de películas determinadas, ben sexa o citado local permanente ou de tempada, e calquera que sexa a súa situación e titularidade.

m) Complexo cinematográfico: o local que teña dúas ou máis pantallas de exhibición e cuxa explotación se realice baixo a titularidade dunha mesma persoa física ou xurídica con identificación baixo un mesmo rótulo.

n) Produtor independente:

1. Aquela persoa física ou xurídica que non sexa obxecto de influencia dominante por parte dun prestador de servizo de comunicación/difusión audiovisual nin dun titular de canle televisiva privada, nin, pola súa parte, exerza unha influencia dominante, xa sexa, en calquera dos supostos, por razóns de propiedade, participación financeira ou por ter a facultade de condicionar, dalgún modo, a toma de decisións dos órganos de administración ou xestión respectivos.

Sen prexuízo doutros supostos, entenderase, en todo caso, que a influencia dominante existe cando conorra calquera das seguintes circunstancias:

1.º A pertenza dunha empresa produtora e un prestador de servizo de comunicación/difusión audiovisual e/ou un titular dunha canle televisiva a un grupo de sociedades, de conformidade co establecido no artigo 42 do Código de comercio.

2.º A posesión, de forma directa ou indirecta, por un prestador dun servizo de comunicación/difusión audiovisual ou un titular dunha canle televisiva de, polo menos, un 20 por 100 do capital social, ou dun 20 por 100 dos dereitos de voto dunha empresa produtora.

3.º A posesión, de forma directa ou indirecta, dunha empresa produtora de, polo menos, un 20 por 100 dos dereitos de voto dun prestador de servizo de comunicación/difusión audiovisual ou dun titular de canle televisiva.

4.º A obtención pola empresa produtora, durante os tres últimos exercicios sociais, de máis do 80 por 100 da súa cifra de negocios acumulada procedente dun mesmo prestador de servizo de comunicación/difusión audiovisual ou titular dunha canle televisiva de ámbito estatal. Esta circunstancia non será aplicable ás empresas produtoras cuxa cifra de negocio fose inferior a catro millóns de

euros durante os tres exercicios sociais precedentes, nin durante os tres primeiros anos de actividade da empresa.

5.º A posesión, de forma directa ou indirecta, por calquera persoa física ou xurídica de, polo menos, un 20 por 100 do capital subscrito ou dos dereitos de voto dunha empresa produtora e, simultaneamente, de, polo menos, un 20 por 100 do capital social ou dos dereitos de voto dun prestador de servizo de comunicación/difusión audiovisual e/ou dun titular de canle televisiva.

2. Así mesmo, aquela persoa física ou xurídica que non estea vinculada a unha empresa de capital non comunitario, dependendo dela en función dos seus órganos executivos, o seu accionariado, a súa capacidade de decisión ou a súa estratexia empresarial.

ñ) Distribuidor independente: aquela persoa física ou xurídica que, exercendo a actividade de distribución cinematográfica ou audiovisual, non estea participada maioritariamente por unha empresa de capital non comunitario, nin dependa dela en función dos seus órganos executivos, o seu accionariado, a súa capacidade de decisión ou a súa estratexia empresarial.

Así mesmo, considerarase independente a empresa distribuidora que non estea participada maioritariamente por un operador televisivo, por unha rede de comunicacións ou por capital público, teñan ou non carácter comunitario, nin dependan deles en función dos seus órganos executivos, o seu accionariado, a súa capacidade de decisión ou a súa estratexia empresarial.

o) Exhibidor independente: aquela persoa física ou xurídica que exerza a actividade de exhibición cinematográfica e cuxo capital maioritario ou igualitario non teña carácter extracomunitario.

Así mesmo, que non estea participada maioritariamente por empresas de produción ou distribución de capital non comunitario, nin dependa delas en función dos seus órganos executivos, o seu accionariado, a súa capacidade de decisión ou a súa estratexia empresarial.

Igualmente, que non estea participada maioritariamente por un operador televisivo, por unha rede de comunicacións ou por capital público, teñan ou non carácter comunitario, nin dependan deles en función dos seus órganos executivos, o seu accionariado, a súa capacidade de decisión ou a súa estratexia empresarial.

p) Industrias técnicas: o conxunto de industrias necesarias para a elaboración da obra cinematográfica ou audiovisual, desde a rodaxe ata a consecución da primeira copia estándar ou do máster dixital, e mais as necesarias para a distribución e difusión da obra por calquera medio.

## CAPÍTULO II

### Ordenación da cinematografía e do audiovisual

#### SECCIÓN 1.ª DISPOSICIÓN XERAIS

#### Artigo 5. *Nacionalidade das obras cinematográficas e audiovisuais.*

1. Terán a nacionalidade española as obras realizadas por unha empresa de produción española, ou doutro Estado membro da Unión Europea establecida en España, ás cales lles sexa expedido por órgano competente certificado de nacionalidade española, logo de recoñecemento de que cumpren os seguintes requisitos:

a) Que o elenco de autores das obras cinematográficas e audiovisuais, entendendo por tales o director, o guionista, o director de fotografía e o compositor da música, estea formado, polo menos nun 75 por 100, por

persoas con nacionalidade española ou de calquera dos outros Estados membros da Unión Europea, dos Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou que posúan tarxeta ou autorización de residencia en vigor en España ou en calquera dos citados Estados.

En todo caso, exixirase que o director da película cumpra sempre ese requisito.

b) Que os actores e outros artistas que participen na elaboración dunha obra cinematográfica ou audiovisual estean representados polo menos nun 75 por 100 por persoas que cumpran os requisitos de nacionalidade ou residencia establecidos na letra anterior.

c) Que o persoal creativo de carácter técnico, así como o resto de persoal técnico que participe na elaboración dunha obra cinematográfica ou audiovisual, estea representado, cada un deles, polo menos nun 75 por 100, por persoas que cumpran os requisitos de nacionalidade ou residencia establecidos na alínea a) deste punto.

d) Que a obra cinematográfica ou audiovisual se realice preferentemente na súa versión orixinal en calquera das linguas oficiais do Estado español.

e) Que a rodaxe, salvo exixencias do guión, a produción en estudio e os traballos de laboratorio se realicen en territorio español ou doutros Estados membros da Unión Europea. No caso das obras de animación, os procesos de produción tamén deberanse realizar neses territorios.

2. Así mesmo, terán a consideración de obras cinematográficas ou audiovisuais españolas as realizadas en réxime de coprodución con empresas estranxeiras, de acordo coas condicións exixidas para tal efecto pola regulación específica sobre a materia ou polos correspondentes convenios internacionais e os que afectan a Comunidade Iberoamericana de Nacións.

3. Entenderase por obra comunitaria a que posúa certificado de nacionalidade expedido por un dos Estados membros da Unión Europea.

#### Artigo 6. *Protección do patrimonio cinematográfico e audiovisual.*

1. O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, a través da Filmoteca Española, velará pola salvagarda e difusión do patrimonio cinematográfico e audiovisual español mediante a conservación e restauración de soportes orixinais, así como de copias de películas, obras dixitais, fotografías, músicas e sons, guións, libros, material utilizado en rodaxes e pezas museísticas da historia do cine, carteis e portadas editados como elementos de difusión ou comercialización.

2. Os beneficiarios das axudas públicas reguladas nesta lei estarán obrigados a lle entregar unha copia da obra cinematográfica ou audiovisual, en perfectas condicións e coa súa etalonaxe definitiva, á Filmoteca Española e, se é o caso, ás filmotecas das comunidades autónomas.

3. O disposto nos números anteriores establécese sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas a respecto do seu patrimonio, que se rexerán pola súa normativa propia.

#### Artigo 7. *Rexistro administrativo de empresas cinematográficas e audiovisuais.*

1. Para ser beneficiario de certificados de cualificación, créditos, axudas e outros estímulos establecidos nesta lei, será necesaria a inscrición previa no Rexistro administrativo de empresas cinematográficas e audiovisuais, integrado no Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

Neste rexistro, de carácter público, inscribíranse, con fins previstos nesta lei e nos termos que regulamentaría-

mente se determinen, as persoas físicas ou xurídicas titulares das empresas establecidas en España, así como os titulares de salas de exhibición cinematográfica, aínda que non revistan forma empresarial, que realicen algunha actividade das incluídas no número 3 deste artigo.

2. A inscrición dunha empresa no rexistro de empresas cinematográficas e audiovisuais propio dunha comunidade autónoma que o teña establecido comportará a súa inscrición no Rexistro do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, sen necesidade de que a empresa tramite unha segunda solicitude de inscrición.

3. O rexistro estruturarase en seccións, que abrangerán a totalidade da actividade cinematográfica e audiovisual: produción, distribución, exhibición, laboratorios, estudos de rodaxe e dobraxe, material audiovisual e demais actividades conexas que se determinen regulamentariamente.

#### Artigo 8. *Cualificación das películas e obras audiovisuais.*

1. Antes de proceder á comercialización, difusión ou publicidade dunha película cinematográfica ou obra audiovisual por calquera medio ou en calquera soporte en territorio español, esta deberá ser cualificada por grupos de idades do público a que está destinada, mediante resolución do director do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais tras o informe da Comisión de Cualificación, ou polos órganos competentes daquelas comunidades autónomas que posúan competencias para a cualificación das películas e os materiais audiovisuais. Exceptúanse as obras audiovisuais que, de acordo coa súa normativa específica, sexan obxecto de autorregulación.

2. Para efectos do disposto na Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, o órgano de cualificación, con antelación suficiente, porá en coñecemento dos operadores de televisión suxeitos á citada lei a cualificación que se lles outorgase ás películas cinematográficas ou obras audiovisuais para a súa difusión en salas de exhibición ou noutros soportes audiovisuais.

#### Artigo 9. *Publicidade da cualificación das películas e obras audiovisuais.*

1. As cualificacións das películas e demais obras audiovisuais deben facerse chegar a coñecemento do público, a título orientativo, polos medios adecuados en cada caso. Para este fin, o órgano competente regulará as obrigas dos que realicen actos de comunicación, distribución ou comercialización.

2. As películas e demais obras audiovisuais de carácter pornográfico ou que realicen apoloxía da violencia serán cualificadas como películas «X». A exhibición pública destas películas realizarase exclusivamente nas salas «X», ás cales non terán acceso, en ningún caso, os menores de 18 anos, debendo figurar visiblemente esta prohibición para información do público. As demais obras audiovisuais cualificadas «X» non poderán ser vendidas nin alugadas a menores de idade nin poderán estar ao alcance do público nos establecementos a que os menores teñan acceso.

3. Na publicidade ou presentación das películas e demais obras audiovisuais cualificadas «X» unicamente se poderá utilizar o seu título e os datos da ficha técnica e artística desta, con exclusión de toda representación icónica ou referencia argumental. A devandita publicidade só poderá ser exhibida no interior dos locais onde se

proxecte ou comercialice a película, ou incluída nas carteleiras informativas ou publicitarias dos medios de comunicación. En ningún caso o título da película poderá explicitar o seu carácter pornográfico ou apoloxético da violencia.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DEFENSA DA COMPETENCIA

##### Artigo 10. *Defensa da libre competencia.*

O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais ou, se é o caso, os órganos competentes das comunidades autónomas, velarán por que a libre competencia no mercado non se vexa alterada. Para estes efectos, porán en coñecemento da Comisión Nacional da Competencia ou, se for o caso e cando proceda, dos respectivos órganos de competencia das comunidades autónomas, os actos, acordos ou prácticas de que teña coñecemento e que presenten indicios de resultaren contrarios á lexislación de defensa da competencia, comunicando todos os elementos de feito ao seu alcance e, de ser o caso, remitiendo un ditame non vinculante da cualificación que lle merecen os feitos.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DA PRODUCCIÓN

##### Artigo 11. *Normas xerais.*

1. Antes de realizar unha actividade de produción afectada por algunha das medidas previstas nesta lei, as empresas produtoras deberanse inscribir no Rexistro administrativo de empresas cinematográficas e audiovisuais ou no rexistro propio dunha comunidade autónoma.

2. Son obrigas das empresas produtoras, derivadas da obtención das medidas de fomento, a presentación das películas ou outras obras audiovisuais obxecto destas para a súa cualificación por grupos de idades do público a que van destinadas, a obtención do certificado de nacionalidade española e a acreditación documental do seu custo de produción conforme as normas que regulamentariamente se establezan. Así mesmo, deberán entregar unha copia da obra cinematográfica ou audiovisual á FilMOTECA Española e, se é o caso, ás filмотecas das comunidades autónomas, e conceder autorización para o seu uso ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais para as actividades de promoción da cinematografía española no exterior. As empresas produtoras asumirán o compromiso de manter temporalmente na súa propiedade a titularidade dos dereitos da película ou outras obras audiovisuais, nos termos que regulamentariamente se determinen.

##### Artigo 12. *Certificado de nacionalidade española dunha obra cinematográfica ou audiovisual.*

O certificado de nacionalidade española dunha película cinematográfica ou dunha obra audiovisual non destinada á súa explotación comercial en salas de exhibición poderá ser expedido de oficio, ou por solicitude do interesado, polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais ou pola comunidade autónoma que proceda, no momento da súa cualificación, logo de comprobación de que reúne as condicións previstas no artigo 5.

##### Artigo 13. *Acreditación do custo das películas.*

1. Para efectos do cómputo das axudas previstas nesta lei, considerarase custo dunha película a totalidade dos gastos efectuados pola empresa produtora ata a consecución de copia estándar ou máster dixital, máis o deri-

vado de determinados conceptos básicos para a súa realización e promoción idónea.

2. Considerarase investimento do produtor nunha película a cantidade achegada por este con recursos propios ou con recursos alleos de carácter reintegrable, ou en concepto de cesión dos dereitos de explotación da película.

En ningún caso se poderán computar como investimento do produtor as subvencións percibidas, nin as achegas realizadas por calquera Administración, entidade ou empresa de titularidade pública, nin as efectuadas en concepto de coprodutor ou de produtor asociado, ou a través de calquera outra achega financeira, por sociedades que presten servizos de televisión.

3. No caso de películas realizadas en coprodución con outros países, o custo e investimento do produtor que deberá acreditarse documentalmentemente será o referido aos gastos efectuados pola empresa produtora española na película.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> DA DISTRIBUCIÓN

##### Artigo 14. *Normas xerais.*

1. Antes de realizar as actividades de distribución cinematográfica, as empresas distribuidoras deberanse inscribir no Rexistro administrativo de empresas cinematográficas e audiovisuais ou no rexistro propio dunha comunidade autónoma.

2. As empresas distribuidoras legalmente constituídas e que acrediten ser titulares dos pertinentes dereitos de explotación de conformidade e dentro do respecto á legalidade vixente poderán distribuír en España obras cinematográficas procedentes de calquera país en calquera versión, dobrada ou subtitulada, nas diferentes linguas oficiais do Estado, todo isto sen prexuízo das competencias atribuídas ao Ministerio de Economía e Facenda no relativo á importación de películas e con respecto ás regras da competencia, en particular, en relación cos ingresos por venda de entradas.

Para estes efectos, o disposto no artigo 10 desta lei será de aplicación ás condutas que, supoñendo unha concertación das prácticas comerciais, poidan restrinxir a competencia nos termos previstos na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia. Así mesmo, a previsión do artigo 10 será de aplicación á exigencia por parte das empresas distribuidoras de contratación de películas por lotes, de maneira que para lograr a exhibición dunha delas teña que aceptar a contratación doutras películas.

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup> DA EXHIBICIÓN

##### Artigo 15. *Normas xerais.*

1. Antes de iniciar a súa actividade unha sala de exhibición cinematográfica, o seu titular debe estar inscrito no Rexistro administrativo de empresas cinematográficas e audiovisuais ou no rexistro propio dunha comunidade autónoma, e a sala, incluída na declaración rexistral das que explota. Presumirase que cada sala se atopa en funcionamento conforme o réxime de tempada declarado e que é explotada polo titular que así o manifestase no rexistro.

2. A regulación relativa ao funcionamento das salas será a que regulamentariamente establezan os órganos competentes.

3. Queda prohibida a gravación de películas proxectadas en salas de exhibición cinematográfica ou noutros locais ou recintos abertos ao público, mesmo os de acceso gratuito.

Os responsables das salas de exhibición ou dos demais locais ou recintos citados no parágrafo anterior

velarán por evitar tales gravacións, advertindo da súa prohibición e podendo prohibir a introdución de cámaras ou calquera tipo de instrumento destinado a gravar imaxe ou son. Así mesmo, comunicaranlles aos titulares das obras calquera intento de gravación destas.

4. As administracións públicas que efectúen proxecións cinematográficas de carácter gratuito ou con prezo simbólico non incluírán na súa programación películas dunha antigüidade inferior a 12 meses desde a súa estrea en salas de exhibición salvo nos casos en que, desde as entidades representativas dos exhibidores cinematográficos e do sector videográfico, se comunique ás citadas administracións que non existe un prexuízo na súa actividade comercial.

5. As administracións estatal e autonómica, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán colaborar coas administracións locais na creación de salas de titularidade municipal que promovan o cinema nas súas diversas expresións, sempre que nos municipios onde pretendan radicarse exista un déficit de salas de exhibición de titularidade privada, ou ben esas salas de titularidade municipal ofrezan unha programación cultural de carácter alternativo distinta á das salas comerciais.

##### Artigo 16. *Control de asistencia e rendementos das obras cinematográficas.*

1. Os titulares das salas de exhibición cinematográfica cumprirán os procedementos establecidos ou que poidan establecerse regulamentariamente de control de asistencia e declaración de rendementos que permitan coñecer coa maior exactitude, rapidez e fiabilidade os ingresos que obteñen as películas a través da súa explotación nas salas de exhibición cinematográfica, co detalle suficiente para servir de soporte á actuación administrativa e ao exercicio de dereitos lexítimos dos particulares, por si mesmos ou a través das súas respectivas entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual. Para estes efectos, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais ou os órganos competentes das comunidades autónomas poderán auxiliarse da información subministrada por entidades creadas para a obtención de datos que teñan implantación en toda España e solvencia profesional recoñecida.

2. A regulación relativa ao devandito procedemento de control será a que regulamentariamente establezan os órganos competentes.

3. Para os fins previstos neste artigo, estableceranse os oportunos mecanismos de colaboración entre o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais e os órganos correspondentes das comunidades autónomas.

##### Artigo 17. *Normas xerais para salas «X».*

1. A autorización para o funcionamento de salas «X» será outorgada, por solicitude do interesado, polo órgano competente da comunidade autónoma onde pretenda establecerse a sala. A devandita autorización deberase facer constar no Rexistro de empresas do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, ou no autonómico competente, con carácter previo ao comezo das súas actividades.

2. As salas deberán advertir o público do seu carácter mediante a indicación de sala «X», que figurará como exclusivo rótulo do local, e non poderán proxectar outras películas que as cualificadas como películas «X». Nos complexos de salas cinematográficas en que existan salas comerciais e salas «X», estas últimas deberán funcionar de forma autónoma e independente en relación coas salas comerciais.

## Artigo 18. *Cota de pantalla.*

1. As salas de exhibición cinematográfica estarán obrigadas a programar dentro de cada ano natural obras cinematográficas de Estados membros da Unión Europea en calquera versión, de tal forma que, ao concluír cada ano natural, polo menos o 25 por 100 do total das sesións que se programasen sexa con obras cinematográficas comunitarias. Do cómputo total anual exceptuaranse as sesións en que se exhiban obras cinematográficas de países terceiros en versión orixinal subtitulada.

2. Para o cumprimento da cota de pantalla, terán valor dobre no cómputo da porcentaxe prevista no número anterior aquelas sesións en que se proxecten:

- a) Películas comunitarias de ficción en versión orixinal subtitulada nalguna das linguas oficiais españolas.
- b) Películas comunitarias de animación.
- c) Documentais comunitarios.
- d) Programas compostos por grupos de curtmetrajes comunitarias cuxa duración total sexa superior a sesenta minutos.
- e) Películas comunitarias que incorporen sistemas de accesibilidade para persoas con discapacidade física ou sensorial, en especial a subtitulación e a audiodescripción.
- f) Películas comunitarias que se proxecten en salas ou complexos cinematográficos que no transcurso do ano de cómputo obteñan unha recadación bruta inferior a 120.000 euros.
- g) Películas comunitarias cando permanezan en explotación nunha mesma sala máis de 18 días consecutivos ou un período consecutivo en que existan tres fins de semana.

3. O disposto neste artigo será de aplicación tamén ás proxeccións de películas en salas de exhibición partindo de soporte videográfico, dixital ou de calquera outro soporte que os avances técnicos poidan proporcionar.

4. Nos complexos cinematográficos formados por dúas ou máis salas de exhibición, inscritos no Rexistro administrativo de empresas cinematográficas e audiovisuais, o cumprimento das proporcións anteriormente sinaladas poderá ser executado polo complexo no seu conxunto, computándose o total de sesións proxectadas por este anualmente.

5. As películas producidas polas administracións públicas, as publicitarias ou de propaganda de partidos políticos, as cualificadas como películas «X» e as que, por sentenza firme, fosen declaradas constitutivas de delito non contabilizarán para o cumprimento desta obriga.

6. Transcorridos cinco anos desde a plena entrada en vigor desta lei, o Ministerio de Cultura avaliará o impacto cultural, económico e industrial da cota de pantalla.

## CAPÍTULO III

### Medidas de fomento e incentivos á cinematografía e ao audiovisual

#### SECCIÓN 1.ª DISPOSICIÓN XERAIS

## Artigo 19. *Disposicións xerais.*

1. O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, dentro dos límites orzamentarios aprobados en cada exercicio:

- a) Establecerá medidas de fomento para a produción, distribución, exhibición e promoción no interior e exterior de películas cinematográficas e outras obras audiovisuais, con especial consideración pola difusión de obras de interese cultural, así como para a conservación

en España de negativos, másters fotoquímicos ou dixitais e outros soportes equivalentes mediante a convocatoria anual de axudas.

b) Fomentará e favorecerá a produción independente, con incentivos específicos, axudas suplementarias para a amortización das súas películas e medidas que faciliten a competitividade e o desenvolvemento das empresas.

c) Facilitará o acceso a créditos en condicións favorables con minoración de cargas financeiras e ampliación do sistema de garantías bancarias para a súa obtención, nos diferentes ámbitos da actividade cinematográfica e audiovisual, tendo prioridade aqueles proxectos que incorporen medidas de accesibilidade, tales como a subtitulación e a audiodescripción.

d) Apoiará, no marco da lexislación tributaria, a aplicación de distintas medidas ou réximes que contribúan ao fomento da cinematografía e do audiovisual.

e) Subscribirá convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas necesarios para o fomento das actividades cinematográficas e audiovisuais, así como para a formación de profesionais. Colaborará coas diferentes administracións educativas para fomentar o coñecemento e a difusión do cinema nos diferentes ámbitos educativos.

f) Fomentará a realización de actividades de I+D+i no ámbito cinematográfico e audiovisual.

g) Establecerá medidas de fomento de igualdade de xénero no ámbito da creación cinematográfica e audiovisual.

h) Fomentará o labor dos órganos competentes para actuar contra as actividades que vulneren os dereitos de propiedade intelectual e, especialmente, na súa prevención. Tamén colaborará con calquera órgano ou entidade naquelas actividades que estean encamiñadas á protección e defensa da propiedade intelectual.

i) Poderá establecer premios en recoñecemento dunha traxectoria profesional.

2. Non se poderán beneficiar das medidas de fomento previstas nesta lei as seguintes obras cinematográficas ou audiovisuais:

a) As producidas directamente por operadores de televisión ou outros prestadores de servizos de comunicación audiovisual.

b) As financiadas integramente por administracións públicas.

c) As que teñan un contido esencialmente publicitario e as de propaganda política.

d) As que obtivesen a cualificación de película «X».

e) As que vulneren ou non respecten a normativa sobre cesión de dereitos de propiedade intelectual.

f) As que, por sentenza firme, fosen declaradas nalgún aspecto constitutivas de delito.

g) As producidas por empresas con débedas laborais, de acordo co establecido no artigo 24.3.

3. Nos orzamentos xerais do Estado dotarase anualmente un Fondo de protección á cinematografía e ao audiovisual, cuxa xestión será realizada polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, para atender, sen prexuízo da existencia doutras dotacións específicas, as axudas previstas nesta lei.

4. O previsto nos números anteriores establécese sen prexuízo das medidas de fomento que poidan realizar as comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias, que se rexerán pola súa normativa propia.

## Artigo 20. *Normativa aplicable.*

1. O réxime de axudas previsto nesta lei suxeitarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei.

2. Regulamentariamente desenvolverase o réxime de axudas estatais previstas nesta lei, que incluírá, nas súas bases reguladoras, as especialidades para a súa concesión, adecuadas ás características do sector a que van destinadas.

3. En virtude do artigo 88.3 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, as bases reguladoras das axudas serán notificadas á Comisión Europea co obxecto de verificar a súa compatibilidade co mercado común.

#### Artigo 21. *Incentivos fiscais.*

1. Os incentivos fiscais aplicables ao sector da cinematografía serán os establecidos na normativa tributaria coas especialidades previstas nesta lei.

2. Para un mellor aproveitamento dos incentivos fiscais previstos na normativa tributaria, en particular os regulados nos artigos 34.1 e 38.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais fomentará:

a) A constitución de agrupacións de interese económico de acordo co previsto na Lei 12/1991, do 29 de decembro, de agrupacións de interese económico, ás cales lles resultará de aplicación o réxime fiscal establecido nos artigos 48 e 49 do citado texto refundido e demais normativa de desenvolvemento.

b) Os investimentos das entidades de capital-risco no sector cinematográfico, de acordo co previsto na Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital-risco e das súas sociedades xestoras, ás cales lles resultará de aplicación o réxime fiscal previsto no artigo 55 do citado texto refundido e demais normativa de desenvolvemento.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> AXUDAS Á CREACIÓN E AO DESENVOLVEMENTO

#### Artigo 22. *Axudas para a creación de guións e ao desenvolvemento de proxectos.*

1. Fomentárase a creación mediante a concesión de axudas a persoas físicas para a elaboración de guións de longametraxes, que deberán ser desenvolvidos no tempo que se determine regulamentariamente.

Na concesión destas axudas terase en consideración a proposta dun órgano colexiado creado para o efecto, que valorará, en especial, a calidade e orixinalidade dos proxectos presentados, a viabilidade cinematográfica e, se é o caso, o historial profesional dos guionistas. O citado órgano colexiado terá tamén a función de informar sobre a calidade dos guións unha vez finalizados.

O importe destas axudas será establecido na correspondente convocatoria, co límite máximo que se fixe regulamentariamente.

2. Tamén se poderán conceder axudas a produtores independentes para desenvolver proxectos de longametraxes, con preferencia cara a aqueles que estean baseados en guións que recibisen axudas para a súa escritura das previstas no número anterior. Para a concesión destas axudas existirá un órgano colexiado que deberá informar sobre os concorrentes á convocatoria, valorando:

- A orixinalidade e calidade do guión.
- O orzamento e a súa adecuación para o desenvolvemento do proxecto.
- A solvencia do produtor e o seu plan de financiamento.

No caso de se tratar de proxectos baseados en guións que obtivesen axudas para a súa escritura das previstas no número 1, a empresa produtora deberá efectuar o desenvolvemento do proxecto co guionista autor deste.

O importe destas axudas non poderá superar o 60 por 100 do orzamento, nin a cantidade límite que se estableza regulamentariamente.

#### Artigo 23. *Axudas a proxectos culturais e de formación non regrada.*

1. Poderanse establecer medidas que apoién proxectos que, pertencentes ao campo teórico ou da edición, entre outros, sexan susceptibles de enriquecer o panorama audiovisual español desde unha perspectiva cultural, así como a aqueles proxectos que apoién programas específicos de formación non regrada para profesionais, incluíndo persoal creativo e técnico, ou públicos.

2. Para a concesión destas axudas, que serán propostas por un órgano colexiado, tomarase en consideración:

- A contribución do proxecto ao coñecemento e a difusión da cultura cinematográfica.
- O ámbito teórico específico en que se desenvolve o proxecto.
- A traxectoria profesional da persoa física, empresa ou entidade que o presenta.
- A viabilidade do proxecto desde o punto de vista económico.
- A súa capacidade para alcanzar amplos sectores profesionais ou do público.

3. A axuda a proxectos culturais non poderá superar o 60 por 100 do importe do seu orzamento, nin o importe máximo que se estableza regulamentariamente.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> AXUDAS Á PRODUCCIÓN

#### Artigo 24. *Criterios xerais.*

1. Na concesión de axudas á produción, e con independencia de que poidan realizarse parte dos gastos de produción das películas noutros países de acordo cos convenios de coprodución e as directivas de aplicación, para poder optar á totalidade das axudas, as películas que non sexan as realizadas en coprodución hispano-estraneira deberán cumprir os requisitos seguintes, nos termos que regulamentariamente se determinen:

- Empregar, na súa versión orixinal, algunha das linguas oficiais españolas.
- Utilizar nas súas rodaxes o territorio español de forma maioritaria.
- Realizar a posprodución en estudio e os traballos de laboratorio maioritariamente en territorio español. Este requisito será tamén exixible nos procesos de produción das obras de animación.

Caso de non reunir algún dos requisitos mencionados, as axudas a que a empresa produtora poderá optar serán minoradas nun 10 por 100 por cada un dos puntos que non se cumpran na realización da película.

2. As empresas produtoras deben ser titulares dos dereitos de propiedade das obras audiovisuais producidas na medida en que sexan necesarios para a explotación e comercialización de tales obras, quedando a salvo o disposto na lexislación de propiedade intelectual en materia de transmisión e exercicio dos dereitos de tal natureza.

3. Para optar a estas axudas, as empresas produtoras deberán acreditar documentalmente o cumprimento de cantas obrigas contraesen co persoal creativo, artístico e técnico, así como coas industrias técnicas, do seguinte xeito:

- Cando se trate de axudas á amortización ou a curtametraxes realizadas, acreditarase o cumprimento das



obrigas relativas á película que se presente ás citadas axudas.

b) Cando se trate de axudas á produción de longametraxes e curtametraxes sobre proxecto, a acreditación versará sobre as obrigas da película anterior da mesma produtora que recibise axuda estatal, salvo que tal acreditación xa fose efectuada por aplicación do disposto na alínea precedente.

4. O total da contía das axudas previstas nesta sección será inferior ao 50 por 100 do custo das películas producidas, coas excepcións que, de ser o caso, deriven da aplicación dos artigos 25 e 27.

#### Artigo 25. *Axudas para a produción de longametraxes sobre proxecto.*

1. Poderanse conceder axudas a produtores independentes para proxectos que posúan un especial valor cinematográfico, cultural ou social, sexan de carácter documental ou experimental, ou incorporen novos realizadores.

Así mesmo, poderanse conceder axudas para proxectos de películas para televisión e series de animación, sempre que a iniciativa deles pertenza a produtores independentes.

2. Para a concesión destas axudas terase en conta a proposta dun órgano Colexiado que para tal efecto se constituía, que, na formulación dos seus informes, terá en consideración:

- a) A calidade e o valor artístico do proxecto.
- b) O orzamento e a súa adecuación para a realización deste.
- c) O plan de financiamento que garanta a súa viabilidade.
- d) A solvencia da empresa produtora e o cumprimento por esta en anteriores ocasións das obrigas derivadas da obtención de axudas.

Así mesmo, valorarase que o proxecto aplique medidas de igualdade de xénero nas actividades creativas de dirección e guión. Igualmente, valorarase de xeito específico os proxectos de produtores independentes radicados na Illas Canarias, na súa condición de rexión ultraperiférica.

3. A introdución de cambios substanciais sobre os proxectos aprobados deberalle ser notificada, para a súa autorización, ao órgano concedente, que poderá revogar a axuda no caso de que non se cumpra con tal obriga.

4. As axudas sobre proxecto serán intransmisibles e o seu importe non poderá superar o investimento do produtor nin o 60 por 100 do orzamento do proxecto, co límite máximo da cantidade que se estableza regulamentariamente.

#### Artigo 26. *Axudas para a amortización de longametraxes.*

1. O fomento da produción de longametraxes poderase completar mediante a concesión de axudas a empresas produtoras para a amortización do custo de produción das películas, tendo en conta criterios obxectivos de carácter automático, como a aceptación do público no período de proxección en salas de exhibición cinematográfica e a recadación obtida por estas, así como a súa recepción polos espectadores a través doutros medios de difusión. Regulamentariamente poderanse establecer outros criterios para a concesión das axudas previstas neste artigo que terán, así mesmo, carácter automático.

2. As axudas para a amortización adoptarán dúas modalidades, compatibles entre si:

a) Axuda xeral, á cal poderán optar as empresas produtoras de películas estreadas durante o período de tempo que se determine regulamentariamente. O importe desta axuda, que nunca poderá exceder o 50 por 100 do custo da película nin o 75 por 100 do investimento do produtor, co límite máximo fixado no desenvolvemento regulamentario, establecerase en función dunha porcentaxe sobre a recadación bruta por venda de entradas que obteña a película en salas de exhibición cinematográfica durante ese período.

b) Axuda complementaria, á cal poderán optar as empresas produtoras de películas que, estreadas durante o período de tempo que se determine regulamentariamente, non tivesen axuda sobre proxecto das previstas no artigo 25. Para obter esta axuda, as películas deberán ter superado a recadación mínima que regulamentariamente se determine. O importe desta axuda establecerase en función dunha porcentaxe sobre o investimento do produtor, co límite máximo da cantidade que se fixe regulamentariamente.

A axuda complementaria poderá prever incentivos adicionais para películas realizadas por produtores independentes con produción continuada nos tres anos anteriores á convocatoria e requisitos máis flexibles para películas de carácter documental ou que utilicen algunha lingua que, xunto ao castelán, sexa oficial nunha comunidade autónoma.

3. As empresas produtoras non independentes poderán optar ás axudas para a amortización sempre que a totalidade das películas de longametraxe que produzan sexan en coprodución con empresas produtoras independentes, cunha porcentaxe máxima de investimento do 60 por 100 do orzamento de cada película.

4. As empresas produtoras que opten a estas axudas deberán acreditar previamente o custo das películas concurrentes á convocatoria, de conformidade co disposto no artigo 13.

5. Para establecer o importe da axuda xeral para a amortización terase en consideración a dispoñibilidade orzamentaria destinada a estas axudas, o volume de solicitudes existentes para cada convocatoria e a totalidade da recadación das películas que concorren a esta.

6. Para establecer o importe da axuda complementaria á amortización terase en consideración a dispoñibilidade orzamentaria destinada a estas axudas, o volume de solicitudes existentes para cada convocatoria e a totalidade de investimento dos produtores de todas as películas que concorren a ela.

7. O importe acumulado da axuda xeral e a complementaria non poderá superar o 50 por 100 do custo da película nin o 75 por 100 do investimento do produtor, co límite máximo da cantidade que se determine regulamentariamente.

Unha mesma produtora ou un conxunto de produtoras que teñan maioritariamente o mesmo accionariado non poderán percibir nunha mesma convocatoria unha cantidade superior ao 15 por 100 da cantidade global reservada en cada exercicio orzamentario para a concesión destas axudas.

#### Artigo 27. *Axudas para a produción de curtametraxes.*

1. O fomento da produción de curtametraxes efectuarase, para produtores independentes, mediante a concesión de axudas sobre proxecto ou por curtametraxes realizadas, compatibles entre si, que se outorgarán logo de informe de órgano Colexiado que para tal efecto se constituía, e que na súa proposta deberá valorar:

- a) As características e viabilidade do proxecto.
- b) A calidade e o valor artístico do guión.

c) O orzamento do proxecto ou, se for o caso, o custo da película.

d) O plan de financiamento.

2. O importe máximo da axuda sobre proxecto non poderá superar o 60 por 100 do orzamento nin a cantidade que se determine en cada convocatoria. A axuda a curtametraxe realizada terá como límite o 75 por 100 do investimento do produtor. A suma destas axudas non poderá superar o custo da película obxecto delas.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> AXUDAS Á DISTRIBUCIÓN

##### Artigo 28. *Axudas para a distribución de películas.*

1. Poderanse conceder axudas a distribuidores independentes para a realización de plans de promoción e distribución en España de películas de longa e curta metraje, comunitarias e iberoamericanas, co fin de estimular a súa distribución, principalmente en versión orixinal, en salas de exhibición, con especial atención á calidade das películas, á incorporación de novas tecnoloxías da comunicación e ás facilidades de acceso ás películas para as persoas con discapacidade.

2. Estas axudas terán como obxecto subvencionar ata o 50 por 100 do custo da tiraxe de copias, da subtitulación, da publicidade e promoción, dos medios técnicos e dos recursos necesarios para o achegamento das películas a colectivos con discapacidades, co límite máximo da cantidade que se estableza regulamentariamente.

3. Os plans de distribución e promoción das películas de longa metraje deberán comprender un mínimo de 15 provincias e 5 comunidades autónomas. Nas películas de curta metraje, que deberán formar un conxunto para ser distribuída nunha mesma sesión cinematográfica, o ámbito territorial será dun mínimo de 4 provincias e 2 comunidades autónomas.

4. Para conceder estas axudas terase en consideración a proposta dun órgano Colexiado que estudará as solicitudes presentadas, e que valorará:

a) A calidade e o interese cultural das películas distribuídas concorrentes á convocatoria.

b) O orzamento para a execución do plan de distribución e promoción das películas.

c) O ámbito territorial en que se vaian distribuír.

d) A incorporación de novas tecnoloxías na distribución e as medidas que faciliten o acceso ás películas para as persoas con discapacidade.

e) O historial da empresa distribuidora e a súa anterior participación e experiencia na distribución de películas de calidade e valores artísticos destacados.

5. Así mesmo, nos termos que regulamentariamente se establezan, poderanse conceder axudas á distribución de películas de longa metraje e curta metraje, comunitarias e iberoamericanas, en soporte videográfico ou a través da internet, sempre que incorporen un sistema de audiodescrición para persoas cegas e con discapacidade visual, así como un sistema de subtitulación especial que permita a comprensión de tales películas por parte de persoas xordas e con discapacidade auditiva.

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup> AXUDAS Á EXHIBICIÓN

##### Artigo 29. *Axudas para as salas de exhibición cinematográfica.*

1. Co obxecto de favorecer o acceso dos espectadores á diversidade da produción cultural, poderanse establecer, en colaboración coas comunidades autónomas e do modo que regulamentariamente se determine, medidas de apoio para as salas de exhibición independentes

que na súa programación anual inclúan, nunha proporción superior ao 40 por 100, longametraxes comunitarias e iberoamericanas, con preferencia por aquelas que as ofrezan en versión orixinal, así como un número mínimo de curtametraxes coas mesmas características.

Igualmente, poderanse establecer axudas ás salas de exhibición independentes que programen longametraxes comunitarias e iberoamericanas en versión orixinal durante un tempo continuado superior a tres fins de semana.

2. Co obxecto de propiciar e facilitar a modernización tecnolóxica no sector da exhibición, poderanse establecer, en colaboración e cooperación coas comunidades autónomas, axudas ás salas de exhibición independentes que incidan nesa modernización, con especial atención á incorporación de sistemas de proxección dixital.

3. Así mesmo, co obxectivo de fomentar a permanencia e estabilidade das salas de exhibición cinematográfica radicadas en pequenos núcleos urbanos ou rurais, e do mantemento dunha oferta cultural estable e próxima nese ámbito, poderanse establecer axudas ás salas de exhibición independentes que teñan difícil acceso a copias de películas comunitarias e iberoamericanas.

4. Así mesmo, poderanse establecer axudas co obxectivo de adaptar as salas de exhibición ás condicións de accesibilidade para persoas con discapacidade e equipos técnicos para a subtitulación e a audiodescrición.

5. O disposto nos números anteriores aplicarase sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas nestas materias.

#### SECCIÓN 6.<sup>a</sup> AXUDAS Á CONSERVACIÓN

##### Artigo 30. *Axudas para a conservación do patrimonio cinematográfico.*

Poderánselles conceder axudas para a realización de interpositivos e internegativos de películas ás empresas produtoras ou titulares de películas que se comprometan a non exportar, nos termos que regulamentariamente se determine, o seu negativo orixinal e depositen o correspondente soporte na Filmoteca Española ou filmoteca da comunidade autónoma competente, coa finalidade de promover a conservación do patrimonio cinematográfico. Así mesmo, e en similares termos, poderanse conceder axudas para a conservación de másters en soporte dixital ou doutra natureza, de acordo coas novidades tecnolóxicas que se produzan.

O importe máximo da axuda non poderá superar o 50 por 100 do custo de realización dos interpositivos e internegativos e material de son necesario para a duplicación da película, ou, se é o caso, do soporte dixital correspondente, co límite máximo da cantidade que se estableza regulamentariamente.

#### SECCIÓN 7.<sup>a</sup> AXUDAS Á PROMOCIÓN

##### Artigo 31. *Axudas para a participación en festivais.*

Co fin de contribuír á difusión dos valores culturais e artísticos do cinema español, poderanse establecer axudas ás empresas produtoras das películas seleccionadas por festivais internacionais de recoñecido prestixio.

Para obter estas axudas, unha película deberá ter sido seleccionada por algún ou algúns dos festivais que se determinen na convocatoria anual. En función da importancia dos certames, seleccionados por un órgano Colexiado, establecerase a contía da axuda que corresponda á película ou películas que participen nel, que deberá ser destinada de forma substantiva a gastos de participación e promoción no certame, segundo un plan previamente establecido e presentado.

**Artigo 32.** *Axudas para a organización de festivais e certames.*

1. Poderanse conceder axudas á organización e desenvolvemento de festivais ou certames cinematográficos de recoñecido prestixio que se celebren en España e a aqueles que dediquen especial atención á programación e difusión do cinema comunitario, iberoamericano, películas de animación, documentais e curtametraxes.

2. Para conceder estas axudas, que serán propostas por un órgano colexiado, considerarase:

a) O ámbito de actuación do festival dentro do mundo cinematográfico e cidadán.

b) A súa traxectoria e historial ao longo dos anos.

c) O carácter internacional da súa programación, valorando especialmente a atención específica que dedique á cinematografía comunitaria e iberoamericana nas súas distintas modalidades.

d) A solidez financeira do festival para atender á devandita programación.

e) A incidencia do festival na industria audiovisual nacional e internacional.

f) A súa cobertura por parte dos medios de comunicación.

3. A axuda para efectuar festivais e certames non poderá superar o 50 por 100 do orzamento presentado para a súa realización, co límite máximo da cantidade que se determine regulamentariamente.

SECCIÓN 8.<sup>a</sup> OUTRAS AXUDAS E INCENTIVOS

**Artigo 33.** *Financiamento cinematográfico e audiovisual.*

Coa finalidade de crear un marco financeiro favorable á industria cinematográfica e audiovisual, poderanse subscribir convenios de colaboración con bancos e entidades de crédito para facilitar e ampliar o financiamento das actividades dos produtores, distribuidores, exhibidores e das industrias técnicas e do sector videográfico, así como para o desenvolvemento da infraestrutura ou innovación tecnolóxica dos citados sectores. Así mesmo, poderase ampliar o sistema de garantías bancarias co obxecto de facilitar á industria a obtención do dito financiamento.

**Artigo 34.** *Novas tecnoloxías.*

1. Estableceranse incentivos para realizar obras audiovisuais que, utilizando novas tecnoloxías e innovacións que se vaian producindo neste eido, se destinen á súa difusión en medios distintos das salas de exhibición, televisión ou vídeo doméstico.

2. Para a concesión destas axudas, que serán propostas por un órgano colexiado, tomarase en consideración:

a) A orixinalidade e calidade do guión.

b) O emprego de novas tecnoloxías para a creación da obra audiovisual.

c) O orzamento do proxecto e o seu plan de financiamento.

d) O seu plan de difusión en medios distintos das salas de exhibición, a televisión ou o vídeo doméstico.

e) A capacidade do proxecto para que a obra audiovisual acceda a novos públicos.

3. O importe máximo da axuda non poderá superar o 50 por 100 do orzamento do proxecto nin a cantidade que se determine regulamentariamente.

**Artigo 35.** *Investigación. Desenvolvemento e innovación.*

1. Poderanse conceder axudas ás empresas cinematográficas e audiovisuais para realizaren actividades de I+D+i dentro do marco do Plan nacional de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, no ámbito da produción, a distribución, a exhibición e as industrias técnicas, cunha consideración especial cara aos proxectos dedicados á modalidade de imaxe de animación.

2. Para obter estas axudas, cuxo importe máximo non poderá ser superior ao 50 por 100 do orzamento, será necesario presentar un plan de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica por parte das empresas solicitantes, que alcanzará un ámbito temporal de tres anos como máximo, especificando os obxectivos que se pretenden conseguir, de ser o caso, dentro de cada unha desas anualidades e o seu desenvolvemento posterior nas seguintes.

3. O citado plan será valorado por un órgano colexiado, que verificará a súa adecuación ás directrices establecidas para as actividades susceptibles de ser consideradas como de I+D+i, e que tamén tomará en consideración:

a) A repercusión potencial dos resultados que poidan obterse desde o punto de vista tanto cualitativo como cuantitativo.

b) A viabilidade da súa incorporación ao marco de actuación do sector a que pertenza a empresa que presente o proxecto.

c) O orzamento e a súa adecuación aos fins perseguidos.

4. O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais poderá adoptar as medidas adicionais de fomento que sexan pertinentes para garantir e facilitar a actualización tecnolóxica no sector audiovisual.

**Artigo 36.** *Fomento da cinematografía e o audiovisual en linguas cooficiais distintas do castelán.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 19.3, e co fin de atender ao fomento e protección do uso das linguas cooficiais distintas da castelá na cinematografía e no audiovisual, promovendo a pluralidade cultural de España e a igualdade de oportunidades das linguas propias de cada territorio en materia de expresión e difusión audiovisual, establecerase un fondo de axudas ou créditos específicos que serán transferidos na súa integridade aos organismos competentes das comunidades autónomas, que os xestionarán de acordo coas súas competencias.

Esta achega do Estado, baseada no principio de corresponsabilidade, dotarase anualmente nos orzamentos xerais do Estado e destinarase ao fomento da produción, distribución, exhibición e promoción da industria cinematográfica e audiovisual nas citadas linguas.

**Artigo 37.** *Promoción exterior.*

O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, no seu labor de promoción cultural no exterior, facilitará a presenza do cinema español en certames de todo o mundo e organizará mostras ou ciclos que dean a coñecer máis amplamente o cinema español en lugares estratéxicos, en colaboración e cooperación coas comunidades autónomas.

Así mesmo, o Instituto poderá colaborar con entidades públicas ou privadas que fagan promoción do cinema español fóra das nosas fronteiras, buscando unha mellor e maior comercialización das películas españolas no exterior.

## CAPÍTULO IV

## Réxime de sancións

Artigo 38. *Competencias.*

O réxime de infraccións e sancións axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto. A iniciación do procedemento corresponderalle ao director do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais e a instrución, á Secretaría Xeral do mesmo organismo, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

No ámbito das competencias da Administración xeral do Estado, corresponderalle ao presidente do Instituto a resolución dos procedementos sancionadores por infraccións moi graves, e ao director, a resolución dos procedementos por infraccións graves e leves.

Artigo 39. *Infraccións.*

As infraccións ao preceptuado nas normas desta lei clasifícanse en infraccións moi graves, infraccións graves e infraccións leves.

## 1. Son infraccións moi graves:

a) O incumprimento da cota de pantalla en porcentaxe superior ao 60 por 100, referida ao número de sesións de exhibición de películas comunitarias que corresponda proxectar en cada sala, en aplicación do disposto no artigo 18.

b) O incumprimento das disposicións dos artigos 9.2, 9.3 e 17 relativas a películas e salas «X».

c) As condutas tipificadas como moi graves pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) A falsidade ou manipulación dos datos de rendemento das obras cinematográficas reflectidos nos informes de declaración de exhibición a que se refire o artigo 16.2.

## 2. Son infraccións graves:

a) O incumprimento da cota de pantalla en porcentaxe igual ou inferior ao 60 por 100 e superior ao 30 por 100, referida ao número de sesións de exhibición de películas comunitarias que corresponda proxectar en cada sala, en aplicación do disposto no artigo 18.

b) As condutas tipificadas como graves pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Comercializar ou difundir películas cinematográficas ou obras audiovisuais sen que fosen obxecto de cualificación por grupos de idades, segundo o establecido no artigo 8.1.

d) Os incumprimentos, por acción ou omisión, das obrigas de utilización de billetes regulamentarios e emisión de informes de declaración de exhibición a que se refire o artigo 16.2 cando impidan o control do rendemento das obras cinematográficas exhibidas e os atrasos inxustificables na remisión deses informes superiores a un mes sobre os prazos regulamentariamente establecidos.

## 3. Son infraccións leves:

a) O incumprimento da cota de pantalla en porcentaxe igual ou inferior ao 30 por 100, referida ao número de sesións de exhibición de películas comunitarias que corresponda proxectar en cada sala, en aplicación do disposto no artigo 18.

b) As condutas tipificadas como leves na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Os incumprimentos, por acción ou omisión, do previsto no artigo 9.1 relativo á publicidade da cualificación das películas e obras audiovisuais.

d) O incumprimento das obrigas de inscrición e notificación relativas ao Rexistro administrativo de empresas cinematográficas e audiovisuais a que se refire o artigo 7.

e) Os incumprimentos, por acción ou omisión, das obrigas relativas ao control do rendemento das obras cinematográficas exhibidas cando non sexan falta grave ou moi grave.

Artigo 40. *Sancións.*

## 1. As infraccións sancionaranse:

a) As leves, con apercibimento ou multa de ata 4.000 euros.

b) As graves, con multa de ata 40.000 euros.

c) As moi graves, con multa de ata 75.000 euros.

2. As infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, serán sancionadas de acordo co previsto nela.

3. Cualificadas as infraccións, as sancións graduaranse en atención á mera negligencia ou intencionalidade do infractor, á reincidencia en infraccións previamente sancionadas, á porcentaxe de infracción no caso das infraccións previstas nos puntos 1.a), 2.a) e 3.a) do artigo 39 e, se for o caso, á recadación da sala e número de habitantes da poboación.

Disposición adicional primeira. *Axencia Estatal da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.*

O Goberno, de acordo co previsto na disposición adicional quinta da Lei 28/2006, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, procederá a transformar o actual organismo autónomo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais en Axencia Estatal da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, cuxos fins principais serán o fomento, promoción, ordenación e apoio das actividades cinematográficas e audiovisuais, a conservación do patrimonio cinematográfico, a proxección exterior da cinematografía e das artes audiovisuais e a colaboración e cooperación coas comunidades autónomas en materia cinematográfica e audiovisual, sen prexuízo das competencias que estas teñan atribuídas.

As funcións e a estrutura orgánica da axencia serán as que determine o estatuto polo que se rexa esta, conforme as previsións desta lei e da normativa reguladora das axencias estatais, no cal poderá establecerse a participación, no seu consello reitor, das comunidades autónomas, así como de sectores profesionais relacionados cos fins e actividades da axencia.

Unha vez que se produza a efectiva constitución da Axencia Estatal da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, as referencias que se conteñen nesta lei ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais entenderanse realizadas á Axencia Estatal da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

Disposición adicional segunda. *Órganos colexiados.*

1. En materia de cualificación de obras cinematográficas e audiovisuais e axudas, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais contará coa participación de órganos colexiados, aos cales será de aplicación o réxime xurídico establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na composición dos cales se procurará a participación, se for o caso, dos diferentes sectores profesionais relacionados coa materia de que coñeza o órgano colexiado correspondente. Así

mesmo, procurárase a paridade entre homes e mulleres, de acordo co Plan para a igualdade de xénero na Administración xeral do Estado.

2. O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais poderá solicitar a opinión dos espectadores co obxecto de coñecer as súas posturas a respecto da situación e desenvolvemento da industria audiovisual española.

*Disposición adicional terceira. Do acceso ao cinema para as persoas con discapacidade.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, promoverán a accesibilidade ao cinema das persoas con discapacidade física ou sensorial, velando por un uso regular, normalizado e sen discriminacións dos medios audiovisuais.

2. As axudas á distribución en vídeo e internet terán como requisito de acceso a incorporación de sistemas de audiodescrición para persoas cegas e con discapacidade visual, así como un sistema de subtitulación especial que permita a comprensión das devanditas películas por parte de persoas xordas e con discapacidade auditiva. Na concesión de axudas á distribución en salas de exhibición valorárase especificamente a incorporación de sistemas que faciliten o acceso ás películas para as persoas con discapacidade. O órgano colexiado para a valoración de ambas as dúas axudas poderá solicitar o consello dun experto independente respecto das condicións de accesibilidade que se presenten.

3. O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais colaborará co Consello Nacional da Discapacidade naquelas iniciativas que aborden propostas de acción e de mellora relativas á situación e aos progresos da accesibilidade do cinema ás persoas con discapacidade.

4. O Centro Español da Subtitulación e a Audiodescrición (CESEA) do Real Padroado sobre Discapacidade constitúe o centro estatal técnico de referencia en materia de accesibilidade audiovisual para persoas con discapacidade, no referente á produción, distribución e exhibición de obras cinematográficas e audiovisuais.

5. As empresas titulares de salas de exhibición de obras cinematográficas e audiovisuais que dispoñan de páxina ou sitio da internet informarán a través dese medio das condicións de accesibilidade tanto das salas como das obras audiovisuais que exhiban, de modo que os potenciais usuarios con discapacidade poidan coñecer esa información coa antelación suficiente.

Así mesmo, promoverase que as salas de exhibición dispoñan de espazos reservados para persoas que utilicen cadeira de rodas ou que teñan algún tipo de discapacidade física que lles impida acomodarse nas butacas das salas.

*Disposición adicional cuarta. Consultas sobre incentivos fiscais.*

O prazo de contestación ás consultas formuladas á Administración tributaria durante os seis meses seguintes á entrada en vigor desta lei, sobre a aplicación da bonificación por actividades exportadoras e a dedución por producións cinematográficas e audiovisuais reguladas nos artigos 34.1 e 38.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, no suposto de que a creación cinematográfica ou audiovisual sexa realizada por unha agrupación de interese económico, reducirase á metade.

*Disposición adicional quinta. Seguimento.*

Durante o último semestre do ano 2011, o Ministerio de Economía e Facenda, asistido polo Ministerio de Cul-

tura, presentaralle ao Goberno un estudo relativo á eficacia das diferentes axudas e incentivos á produción cinematográfica e audiovisual vixentes durante os anos 2007 a 2011, e, se for o caso, adecuaralos ás necesidades da economía española, respectando a normativa comunitaria.

*Disposición adicional sexta. Convenios para o fomento da cinematografía e o audiovisual en linguas cooficiais distintas do castelán.*

O Ministerio de Cultura, mediante convenio, concretará os créditos previstos no artigo 36 desta lei, de forma que a dotación que reciba cada comunidade autónoma con lingua cooficial sexa anualmente equivalente á suma de achegas que esa comunidade destinase no exercicio anterior para o soporte e fomento da produción, distribución, exhibición e promoción do audiovisual en lingua cooficial distinta do castelán.

A dotación que reciba cada comunidade autónoma non será superior ao 50 por 100 do total das axudas que as empresas audiovisuais residentes nesa comunidade recibisen do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais no exercicio anterior.

*Disposición adicional sétima. Acceso dos produtos cinematográficos e audiovisuais ao sistema educativo.*

As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, promoverán a accesibilidade dos produtos cinematográficos e audiovisuais ao sistema educativo a través de programas de formación, de maneira que os seus contidos poidan tamén quedar integrados naquel.

*Disposición adicional oitava. Condicións de traballo e calidade do emprego.*

Co obxectivo de mellorar a calidade no emprego dos traballadores do sector do cinema e, con iso, mellorar as súas condicións de traballo, mediante convenio colectivo sectorial de ámbito estatal poderanse establecer sistemas ou procedementos de representación dos traballadores a través de representantes sindicais ou de carácter bipartito entre organizacións empresariais e sindicais, dirixidos a promover o cumprimento da normativa laboral e social no sector do cinema.

*Disposición adicional novena. Estudo sobre implantación sindical.*

O Goberno, no prazo máximo dun ano desde a aprobación desta lei, elaborará un estudo sobre a implantación das organizacións sindicais no sector do cinema e o audiovisual.

Á vista dos resultados do anterior estudo, poderanse promover, de ser o caso, as iniciativas legais, ou doutra índole, dirixidas a mellorar a calidade no emprego dos traballadores dos referidos sectores e, con iso, mellorar as súas condicións de traballo, a través dos mecanismos de implicación dos traballadores que se consideren pertinentes.

*Disposición adicional décima. Promoción da estrea e a exhibición do cinema europeo.*

A Administración xeral do Estado poderá establecer convenios con RTVE ou outros operadores de televisión co obxectivo de desenvolver programas específicos que promovan a estrea e a exhibición do cinema europeo e,

especialmente, o realizado nalgunha das linguas oficiais españolas.

Disposición adicional décimo primeira. *Promoción de convenios coa industria española da animación.*

Co fin de fomentar a industria española da animación, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais promoverá a subscripción, actualización e renovación de convenios entre RTVE e o citado sector que favorezan a realización de produtos de animación: longametraxes, curtametraxes e series.

Disposición adicional décimo segunda. *Exhibición cinematográfica e acceso á diversidade da produción.*

O Goberno recoñecerá a contribución do sector da exhibición ao acceso dos cidadáns á diversidade da produción cinematográfica a través do cumprimento da cota de pantalla para películas orixinadas nos Estados membros da Unión Europea, mediante o desenvolvemento regulamentario das axudas previstas no artigo 29 desta lei, cunha especial incidencia sobre aquelas destinadas á modernización tecnolóxica das salas e o apoio ás radicadas en pequenos núcleos urbanos ou rurais, así como á adaptación das salas ás condicións de accesibilidade para as persoas con discapacidade.

Disposición transitoria única. *Vixencia temporal de determinadas normas.*

Mentres non se produza o correspondente desenvolvemento regulamentario e en todo aquilo que non se opoña ás previsións desta lei, manterán a súa vixencia as seguintes normas:

a) Os capítulos III e IV do Real decreto 81/1997, do 24 de xaneiro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 17/1994, do 8 de xuño, de protección e fomento da cinematografía, e se actualizan e refunden normas relativas á realización de películas en coprodución, salas de exhibición cinematográfica e cualificación de películas cinematográficas, salvo no relativo á cualificación de películas «X».

b) Real decreto 526/2002, do 14 de xuño, polo que se regulan medidas de fomento e produción de cinematografía e a realización de películas en coprodución.

c) Real decreto 1652/2004, de 9 xullo, polo que se aproba o Regulamento que regula o investimento obrigatorio para o financiamento anticipado de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e películas para televisión, europeas e españolas.

d) Orde do 7 de xullo de 1997 pola que se ditan normas de aplicación do Real decreto 81/1997, do 24 de xaneiro, nas materias de cota de pantalla e distribución de películas, salas de exhibición, rexistro de empresas e cualificación de obras cinematográficas e audiovisuais, naqueles aspectos non derogados expresamente por esta lei.

e) Orde CUL/3928/2006, do 14 de decembro, pola que se ditan normas de aplicación do Real decreto 526/2002, do 14 de xuño, polo que se regulan as medidas de fomento e promoción da cinematografía e a realización de películas en coprodución, e se establecen as bases reguladoras das devanditas medidas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao previsto nesta lei e, en concreto, as seguintes:

a) A Lei 15/2001, de 9 xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual, coa excepción da súa disposición adicional segunda.

b) Os artigos 4 e 8 da Lei 3/1980, do 10 de xaneiro, de regulación de cotas de pantalla e distribución cinematográfica.

c) Os artigos 1, 2 e 6 da Lei 1/1982, do 24 de febreiro, pola que se regulan as salas especiais de exhibición cinematográfica, a Filmoteca Española e as tarifas de taxas por licenzas de dobraxe.

d) O Real decreto 81/1997, do 24 de xaneiro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 17/1994, do 8 de xuño, de protección e fomento da cinematografía, e se actualizan e refunden normas relativas á realización de películas en coprodución, salas de exhibición cinematográfica e cualificación de películas cinematográficas, salvo os seus capítulos III e IV.

e) O capítulo I, o punto décimo do capítulo III e as disposicións derradeiras cuarta, quinta, sexta e sétima da Orde do 7 de xullo de 1997 pola que se ditan normas de aplicación do Real decreto 81/1997, do 24 de xaneiro, nas materias de cotas de pantalla e distribución de películas, salas de exhibición, rexistro de empresas e cualificación de obras cinematográficas e audiovisuais.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles.*

Engádesse unha disposición adicional cuarta na Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles, que terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. Sección de obras e gravacións audiovisuais.

Créase unha sección adicional no Rexistro de Bens Mobles destinada á inscrición, con eficacia fronte a terceiros, das obras e gravacións audiovisuais, os seus dereitos de explotación e, se é o caso, das anotacións de demanda, embargos, cargas, limitacións de dispor, hipotecas, e outros dereitos reais impostos sobre elas, na forma que se determine regulamentariamente.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, e do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

1. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2007, dáselles unha nova redacción aos números 3 e 4 da disposición derogatoria segunda da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, que quedarán redactados do seguinte xeito:

«3. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2012, queda derogado o artigo 35 e o número 2 do artigo 38 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

4. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2014, quedan derogados o número 1 do artigo 34 e os números 1, 3 e 7 do artigo 38 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.»

2. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2007, dáselle unha nova redacción ao número 4 e engádeselle un número 5 á disposición adicional décima do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que quedarán redactados do seguinte xeito:

«4. As deducións reguladas nos números 1 e 3 do artigo 38 desta lei determinaranse multiplicando as porcentaxes de dedución fixadas nesas números polos coeficientes establecidos na disposición adicional novena desta lei. A porcentaxe de dedución que resulte redondearase na unidade superior.

5. A porcentaxe de dedución establecida no número 2 do artigo 38 desta lei será do 18 por cento. Esa porcentaxe será do 5 por cento para o coprodutor financeiro.»

3. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2007, dáselles unha nova redacción aos números 2 e 3 da disposición transitoria vixésimo primeira do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que quedarán redactados do seguinte xeito:

«2. As deducións establecidas no artigo 35 e no número 2 do artigo 38 desta lei, pendentes de aplicación ao comezo do primeiro período impositivo que se inicie a partir de 1 de xaneiro de 2012, poderanse aplicar no prazo e cos requisitos establecidos no capítulo IV do título VI desta lei, segundo a redacción vixente en 31 de decembro de 2011. Os devanditos requisitos son igualmente aplicables para consolidar as deducións practicadas en períodos impositivos iniciados antes daquela data.

3. As deducións establecidas nos números 1 e 3 do artigo 38 desta lei, pendentes de aplicación ao comezo do primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2014, poderanse aplicar no prazo e cos requisitos establecidos no capítulo IV do título VI desta lei, segundo a redacción vixente en 31 de decembro de 2013. Os devanditos requisitos son igualmente aplicables para consolidar as deducións practicadas en períodos impositivos iniciados antes daquela data.»

Disposición derradeira terceira. *Títulos competenciais.*

A lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.2 da Constitución, que dispón que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial, coa excepción dos seguintes artigos:

1. Os artigos 8 e 9 dítanse ao abeiro do artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución, que reserva ao Estado a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

2. Os artigos 7; 10 a 18; 22 e 23; 24 a 27; 28; 31, 32, 33, 34 e 38 a 40, así como a disposición adicional décimo primeira, dítanse ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que reserva ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

3. O artigo 35 dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.15.<sup>a</sup> relativo ao fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

4. A disposición adicional sétima dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución relativo ás normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 desta.

5. As disposicións adicionais oitava e novena dítanse ao abeiro do artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución, que reserva

ao Estado a lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

6. A disposición derradeira primeira dítase ao abeiro do artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución, que reserva ao Estado a lexislación mercantil.

7. O artigo 21 e as disposicións adicional cuarta e derradeira segunda dítanse ao abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup>, que reserva ao Estado a competencia sobre a facenda xeral e débeda do Estado.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento e habilitación normativa.*

1. Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei no ámbito das súas competencias.

2. Cando razóns técnicas ou de oportunidade así o aconsellen, o Goberno, oídas as comunidades autónomas, poderá modificar as porcentaxes establecidas no artigo 18 para o cumprimento da cota de pantalla e no artigo 24 para a minoración de importes das axudas á produción.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o disposto no artigo 36, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009.

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**22440** LEI 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información. («BOE» 312, do 29-12-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

Esta lei enmárcase no conxunto de medidas que constitúen o Plan 2006-2010 para o desenvolvemento da sociedade da información e de converxencia con Europa e entre comunidades autónomas e cidades autónomas, Plan Avanza, aprobado polo Goberno en novembro de 2005.

O Plan Avanza prevé entre as súas medidas a adopción dunha serie de iniciativas normativas dirixidas a eliminar as barreiras existentes para a expansión e o uso das tecnoloxías da información e das comunicacións e para garantir os dereitos dos cidadáns na nova sociedade da información.

Nesta liña, esta lei, por unha parte, introduce unha serie de innovacións normativas en materia de facturación electrónica e de reforzo dos dereitos dos usuarios e, por outra parte, acomete as modificacións necesarias no ordenamento xurídico para promover o impulso da sociedade da información.

Neste sentido, introdúcense unha serie de modificacións tanto da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, como da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura